

As Xeiras que veñen			
23 xullo, mércores, 21.15	Ruta de naufraxios polo mar de Cíes*	Xosé Lois Vilar	Porto de Baiona
30 xullo, mércores, 21.00	Noite de estrelas e lobos+	Xosé Lois Vilar, Julio Pereira Neiva Xilberte Manso,	Chan da Lagoa
6 agosto, mércores, 21.15	Ruta marítima Baiona-Oia*	Xosé Lois Vilar	Porto de Baiona
13 agosto, mércores, 17.30	Parada na Idade Media: Sueiro Iañez	Antonio Soliño, Carlos Méixome	Local do IEM
20 agosto mércores, 21.15	Ruta marítima á illa de Ons*	Xosé Lois Vilar	Porto de Baiona
22 agosto, venres, 17.30	O Gondomar do Antigo Réxime. A vila ata o século XIX	Antonio Soliño	Local do IEM
27 agosto, mércores, 17.30	A Fraga de Oliveira	Xilberte Manso, Xosé Ramón García	Praza de Abastos de Sabarís
3 setembro, mércores, 19.30	A arquitectura de Bar Bóo en Gondomar	Antonio Soliño, Rosa Mouriño	Local do IEM

*Para asistir a estas catro Rutas marítimas é preciso aboar previamente a viaxe na conta do IEM (ES95 2080.5035.07.3040014164, de //ABANCA), coa palabra BARCO e o día (por exemplo "Barco 06/08") en "Concepto".

Este aboamento deberá ser confirmado 48 horas antes da saída por correo electrónico (oficina@minhor.org), ou teléfono (986360575), en ambos casos deixando un teléfono de contacto. Deberase dar o nome de todos os viaxeiros, e indicar se algún é menor de idade. Non se admitirá a bordo a ninguén que non cumpra estas condicións. Prezos: 12 €; Socios do IEM e menores de 12 anos, 10 €. Nestas rutas marítimas a organización resérvase o dereito de anular a saída de non acadarse o mínimo de 100 viaxeiros.

+A saída do 30 de xullo ten lugar monte a través, de noite, polo que recomendamos levar lanterna, roupa de abrigo e calzado cómodo, así como manta ou similar para deitarse mentres se observan as estrelas. Para escorrentar os lobos virtuais pode valer una chocha, tarteira vella ou similar.

As Xeiras do IEM

Verán 2014

Xeira por Mañufe: das Escolas Pro Val ao

Pazo de Moldes

Xoves, 17 de xullo de 2014

Hora: 17,30. Saída do local do IEM

Guías:

Antonio Soliño, Carlos Méixome



Avda. da Feira 10, baixo

36390 Gondomar

Apartado de Correos 30

Telef. 986 360 575

www.minhor.org

Colabora



Concello de Gondomar

APROXIMACIÓN A XEIRA.

Segundo Ávila y La Cueva, a parroquia de Mañufe a mediados do século XIII coñecíase como Monufi, era un couto, polo tanto un territorio con xurisdición propia, e exercía vasalaxe sobre a de Santiago de Parada. A mediados do XII xa tiña por patrón a San Vicente. Mais tarde, durante o Antigo Réxime, séculos XV a inicios do XIX, dependerá, no contencioso, do xuíz da real vila de Baiona e, no político e gobernativo, do procurador xeral do Partido e Concello do Val Miñor. Coa chegada do Estado Liberal, máis concretamente a partir de 1836, ao amparo da nova distribución territorial do Estado impulsada por Javier de Burgos durante a rexencia de María Cristina, viúva de Fernando VII, pasa a ser unha das dez parroquias que integran o concello constitucional de Gondomar. Hoxe percorrémola parcialmente. Empezaremos no límite da de Valarín, en Nigrán, ao lado de Baludío, e remataremos na Pousa de san Brais, a edificación residencial máis antiga que posúe. Ao longo da camitada veremos:

-Escolas Pro-Val. Estas, que durante moito tempo chamaron Escolas de Mañufe-nesa parroquia citábase todo o editado pola tipográfica das propias escolas-, están situadas no concello de Nigrán, e deben a súa existencia ao empeño dunha serie de indianos miñoráns e filántropos.

A "Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor" quixo axudar a formar futuras xeracións de miñoráns e, nesas, deu os pasos necesarios para dotar o centro dun programa educativo renovador e laico; ademais do ensino primario, impartíranse programas de artes e oficios e clases prácticas. Este centro veu substituír a "Escuela Práctica", promovida pola mesma asociación nunha edificación situada na estrada da Ramallosa, que a súa vez reemprazara un primeiro local alugado na praza da Parada, en Gondomar. O edificio que habería de acoller este sistema de ensino deséñano os arquitectos Jacobo Estens, quen pola mesma época trazará os planos do Grupo Escolar, público, de Gondomar, e Manuel Gómez Román, que tempo despois, nos vinte, paralelamente á súa implicación co galeguismo, será o máximo representante do Rexionalismo arquitectónico.

Ademais, ao longo do percorrido, topáremonos con elementos estruturantes do territorio tales como antigas corredoiras, algúns socalcos cultivados a millo, patacas e viño principalmente, diferentes tipos de muros de granito e algunha mostra interesante, pode que desvirtuada, de arquitectura tradicional.

Para saber máis:

ARQUITECTURAS Y ARQUITECTOS EN LA DIÓCESIS DE TUI. SIGLOS XVII Y XVIII. Pereira Molares, Ana M^a. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2006.

PAZOS Y TORRES DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. TOMO I. López-Chaves Meléndez, J. M.; Amor Moreno, G. E. Deputación provincial de Pontevedra. 1988.

CASAS Y COSAS DEL VALLE MIÑOR. Espinosa Rodríguez, J. Vigo 1951.

GONDOMAR. HISTORIA, ARTE E TERRITORIO. Soliño Troncoso, M., A., e A. e Mosquera Veleiro, J. L.. Ir Indo Edicións. Vigo 1995.

retallos de GONDOMAR DE MIÑOR. VV.AA. Instituto de Estudos Miñoranos. 2012.

ARCIPELAGO DE TUI-VIGO, MIÑOR. Fortes Palomera, A.; Vega López, S. Delegación Diocesana de Patrimonio. 1995.

AS CONSTRUCCIONS POPULARES: UN TEMA DE ETNOGRAFIA EN GALICIA. Bas, Begoña. Cuadernos do Seminario de Sargadelos 44. Edicións do Castro. Sada. A Coruña 1983.

ARQUITECTURA E INDIANOS NA CIDADE DE VIGO E BISBARRA. Iglesias Veiga, J. R. Instituto de Estudos Vigueses. 2013

HISTORIA CIVIL Y ECLESIASTICA DE LA CIUDAD DE TUI Y SU OBISPADO. Ávila y La Cueva, F. Edición facsimilar do Consello da Cultura Galega. 1995

HISTORIA DA COMARCA DO VAL MIÑOR. Fernández de la Cigöña Fraga, S. Edición AGCE. 1995.

coetáneo. Da obra actual, só as bancadas, base e peto son orixinais; o resto foi reconstruído por canteiros da Escola de Poio, baixo dirección de Alfonso Soliño, en 1995, por rotura do anterior.

Este é un lugar simbólico para o Val, pois ata o século XVIII, ao pé do cruceiro, celebrou as sesións o Concello e Partido do Val Miñor, iniciadas cada un de xaneiro coa elección do Procurador Xeral do Val, que xuraba o cargo ante a cruz.

-Ponte románica. Foi levantada en 1140 e posiblemente parcialmente reconstruída posteriormente nun lugar que, segundo indica a publicación do Colexio de Enxeñeiros de C.C.P., debeu ocupar unha anterior de orixe romana.

A peza ten unha lonxitude total de 42 m. e un ancho de plataforma de 3,20 m. salvando o río Miñor mediante tres bóvedas de medio punto e, segundo parece, dous ocos alintelados -hoxe tapados-. Como é habitual en toda ponte medieval, presenta perfil en lombo de asno e na fábrica aparecen numerosas marcas de canteiro. Augas arriba, presenta tallamares en mal estado.

Sobre esta ponte, desvirtuada por mor dunhas obras proxectadas pola Deputación Provincial na década dos sesenta, que agora está previsto restaurar, pasa o Camiño da Nosa Señora do Norte a Santiago, que se separa do central en Barcelos e volve a el en Redondela.

-Pazo da Escola. Foi fundado, a mediados do século XVIII, por Policarpo de Mendoza, deán da catedral de Santiago e cabaleiro de Carlos III, cuxa nai, María del Espíritu Santo Rodrigo, era da casa de Moreira, en Mañufe. O nome actual é consecuencia do uso ao que estivo sometida unha pequena parte a principios do XX, e, mantido no tempo, agora designa o conxunto dedicado a hospedaría e hostalaría.

É un edificio en forma de U, cunha á pouco desenvolvida, de traza barroca, que posúe ampla solaina



porticada sobre soportal pétreo e gran lareira rematada nunha das chemineas máis monumentais do Val Miñor. Na fachada nacente conserva un brasón coas armas do fundador . Teñen notable interese as edificacións adxectivas.

Co obxecto de adecualo aos usos citados, foi sometido a discutibles obras de rehabilitación a finais do XX baixo supervisión do Servizo Provincial de Patrimonio.

-Parroquial de San Vicente. Posiblemente, os restos máis antigos deste templo sexan parte do muro sur da nave principal. É probable que inicialmente a igrexa tivese planta lineal, rematada nunha capela maior. Foi como consecuencia das profundas obras de reforma efectuadas en 1722 que se introduce o cruceiro, as naves laterais, e se dota a obra do unitario estilo barroco que actualmente a caracteriza, converténdoa no principal exemplo do municipio.

Conta a tradición que, de tan satisfeito tras ver o traballo, o mestre canteiro da portada, de orixe portugués, quixo deixar constancia de si e autorretratouse coroando o cupulín da torre do campanario mentres porta unha cruz que serviu de base a un viraventos.


Interiormente, baixo o arco triunfal, conserva dous púlpitos coroados por tornavoces decorados. Ademais, mantén bos retablos barrocos, destacando o da ábsida, sostido por seis atlantes distintos en similar posición e dedicado a san Vicente, o patrón. Hai outros dous da mesma época: o de san Brais e o da Virxe de Carme. E excelente imaxinaría do XVII ou XVIII como, por exemplo, o Cristo Resucitado e o san Vicente emprazados neste último.

Actualmente a igrexa, seguindo unha inculita e ordinaria moda, foi desposuída dos encaixados exteriores e interiores tan propios do barroco galego e, por engadido, desprovista da lóxica porta de madeira. Pola contra o adro e anteadro –campo da festa- consérvanse dignamente.

-Cemiterio. É o máis recente dos cemiterios hixienistas do municipio; iniciouse a construción en 1931, xa constituída a República. Pola contra, tamén é o máis monumental. Posúe bos traballos de cantaría en panteóns que, non obstante, mostran formas e estilos eclécticos. Alguñs presentan esculturas de certa calidade se ben, en xeral, de carácter decimonónico, tan empregado na época. Tamén alberga traballos de ferraxaría de interese. A obra arquitectónica e escultórica está sen catalogar.

A maioría das intervencións das últimas décadas non foron levadas a cabo coa sensibilidade e mestría requiridas e, consecuentemente, re-séntese o conxunto patrimonial; unha mágoa.

-Pousa de Moldes. A orixe remóntase ao século XIV. De igual xeito que a ponte antes citada, conserva numerosas "marcas de canteiro". Foi fundada polos Suárez de Deza segundo testemuña o escudo de armas da fachada norte, que só se diferencia do da Torre de Tebra en que unha das flores de lis está substituída por unha cruz de Calatrava, pode, por pertencer a esa Orde o fundador. Alvaro Suárez de Deza, fundador do morgado de Tebra, fixo constar no seu testamento en 1566 que tamén era propietario do couto de Moldes. Esta casa, actualmente propiedade da familia Cambra, xa tiña convertida en leñeira no ano 1951 a antiga capela de san Brais, sede dunha antiga romaxe en conmemoración do santo. O actual propietario devolveulle o uso a un recinto que conserva secuelas das mudanzas sufridas no tempo. A edificación principal foi baleirada interiormente e adecuada aos usos actuais para o cal, a fábrica quedou sometida á apertura de numerosos ocios nunha actuación hoxe dificilmente enten-dible e xustificable.



tectónico na versión neobarroco compostelán. Inaugurase a edificación para o curso lectivo 1914-1915.

-Baludío. Este topónimo está hoxe practicamente desaparecido. Por el coñecíanse as terras onde, ademais das escolas Pro-Val, se asentou a casa de igual título, propiedade que fora do mosteiro de Santa Baia de Donas. Sobre ela funda un morgado en 1623 o capitán Alvaro Pérez de Ceta, sendo o seu último posuidor, no século XIX, José María Espinosa de los Monteros y Patiño. Ambos os dous personaxes forman parte dos ascendentes de José Espinosa Rodríguez, recorrido historiador do Val, cuxo pai, Sergio Espinosa, transportou á casa que fixo construír en Gondomar o escudo nobiliario, labrado coas armas do fundador do morgado, que existiu no frontispicio da capela inmediata á casa, dedicada a santa Catalina. Ata esta casa e terras de Baludío chegaban, dende finais do XVII, as augas da levada do Bravo cuxa presa persiste no río Vilaza, en Gondomar.

-Cruceiro do Lugar do Acordo. Non se sabe con seguridade en que tempo xurdiu neste lugar o primeiro cruceiro. Pola contra, si sabemos da antigüidade, importancia e xerarquía dos camiños que historicamente formaron a encrucillada na que se empraza -desvirtuada dende o último terzo do século XIX por mor da apertura da estrada A Ramallosa/Gondomar/Guillarei-. O monumento consta de cruceiro e peto de ánimas. Este sabemos que non pode ser anterior ao século XVII cando, tras o Concilio de Trento, apareceren os primeiros. O cruceiro podería ter unha orixe anterior se ben autores como Laredo Verdejo se decantan por un nacemento